



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 04 DE FEBREIRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:40 horas do día 04 de febreiro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 03-02-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

D. Pablo Olmos Pita.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Angel Otero Lamas.

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes.**

Faise entrega do informe de valoración de criterios valorables mediante formula e clasificación das ofertas presentadas asinado o 02-02-2016 polo Director Deportivo e xefe da Unidade Técnica, D. José Angel Otero Lamas.

2.-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:23	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CF49CC-3E2444-TACX8Y-XEQ61R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En primeiro lugar, a mesa, por unanimidade, acorda tomar como valor de referencia respecto ao custe fixo da instalación para o mantemento con garantía total o de 27.978 euros que é o resultado da suma de tódolos prezos unitarios de cada unha das instalacións. Comprobado que este valor é o que figura no informe de valoración, a mesa acepta o informe de valoración de criterios valorables mediante formula e clasificación das ofertas presentadas asinado o 02-02-2016 polo Director Deportivo e xefe da Unidade Técnica, D. José Angel Otero Lamas.

3.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 02 de febreiro de 2016 de “excluír da licitación a proposta presentada pola mercantil “OHL Servicios Ingesan, S.A.”, por ofertar como prezo máximo para o custo fixo por instalación para o mantemento con garantía total, un importe de 45.026,65 € o cal excede o limite fixado no apartado 3 das FEC do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento **aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes.** (expediente 3774-11).” no seguinte orde decrecente:

- | | |
|-------------------------------------|---------------|
| 1.- Gas Natural Servicios SDG, S.A. | 87,20 puntos. |
| 2.- Veolia Servicios Norte SAU | 86,65 puntos. |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Gas Natural Servicios SDG, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:23	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CF49CC-3E2444-TACX8Y-XEQ61R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000,00 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:50 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:23	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74A-CF49CC-3E2444-TACX8Y-XEQ61R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		